

BEATRIZ RODRIGUEZ CARIDAD



Nace na Coruña, estudia violín no Conservatorio Superior de Música desta cidade obtendo Premio de Honra Fin de Carreira. Máis tarde no Conservatorio Superior de Oviedo obtén o Premio de Honra Fin de Carreira na especialidade de música de cámara. Posteriormente amplía os sus estudos con Manuel Guillén e no Conservatorio de Rotterdam con Thijs Kramer. Realiza varios cursos de perfeccionamento

Foi membro da Orquesta Juvenil Iberoamericana en Venezuela, Joven Orquesta Nacional de España e Rotterdam Young Philharmonic en Holanda.

E membro da Orquesta de Cámara Galega dende a súa fundación en 1995 actuando en Portugal, Austria (Festival Spanien Modern de Viena), Argentina (Buenos Aires e La Plata) e Nova Iorque.

Forma duo có pianista José Manuel Yáñez Carballeira con quen tocou en varias cidades españolas recuperando e estreando obras de compositores galegos.

Dende o ano 2003 colabora coa compañía Viravolta en diferentes espectáculos como solista ou trío xunto á clarinetista Mariola Gil Lago e o pianista J.M. Yáñez .

Foi profesora de violín e música de cámara do Conservatorio Profesional de Música de Ferrol (1998-2004), do Conservatorio Profesional de Música de A Coruña (2004-2007) e na actualidade é profesora do Conservatorio Superior de Música da Coruña.